



Datos de participación

No Congreso inscribíronse 364 persoas, das que unha cuarta parte son investigadores predoutorais.



Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008


Atendendo a unha distribución por xénero, obsérvase unha equidade entre os inscritos/as.



Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008




España é o país de procedencia de máis do 80% das persoas que participaron no Congreso, seguido de Portugal –debido a súa proximidade tanto xeográfica como lingüística– coa sede do evento. É salientable que practicamente a totalidade dos inscritos/as son de países lationaméricanos.



Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008

Estes datos van parellos á clasificación segundo institucións representadas: membros de 63 universidades participaron no Congreso – o 75% delas son españolas–, ademais de profesionais de 8 entidades non vencelladas co mundo académico como o Instituto Cervantes, o Concello de Madrid, o Consell de l'Audiovisual de Catalunya, O Servei d'Atenció de Muntanya ou a Fundación Avante. A presenza desta ampla variedade de representatividade de ámbitos diferentes garante, en certa medida, o interese suscitado polo Congreso Fundacional da AE-IC.






Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008

As universidades cun maior número de participantes son a Universidade Autònoma de Barcelona (UAB), a Complutense de Madrid (UCM), a Rey Juan Carlos (URJC), a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Sevilla (US).





Fonte : Elaboración Propia. Febreiro 2008

O Congreso pechouse con éxito de participación, xa que máis de cincocentos profesionais e expertos en comunicación –entre convidados/as e inscritos/as–, procedentes de ata vinte países– fundamentalmente do eido europeo e americano–, compartiron os seus coñecementos neste foro. Asemade, o encontro serviu para facilitar a cooperación, crear, e consolidar, redes de intercambio de información entre investigadores/as provintes de máis de sesenta universidades distintas.

